

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de novembro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. Angel Rivas González

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta minutos do día catorce de novembro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1328).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1329).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA AUDITORÍA ENERXÉTICA EN DIVERSOS COLEXIOS DE VIGO. EXPTE. 1139/440.

De conformidade co informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 14.11.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención do Concello de Vigo na convocatoria de axudas realizadas polo Instituto Enerxético de Galicia a proxectos de aforro e eficiencia enerxética para o exercizo 2011, para a elaboración dunha auditoría enerxética nas edificacións que a continuación se indican:

- Auditoría enerxética CEIP Illas Cíes.
- Auditoría enerxética CEIP Sárdoma – Moledo.
- Auditoría enerxética CEIP Teis “Santa Tegra”.
- Auditoría enerxética CEIP Teis “Paraixal”.
- Auditoría enerxética CEIP Igrexa – Candeán.
- Auditoría enerxética CEIP Párroco Don Camilo.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.